



Severino Manuel Ortiz Rey, piano

Nacido en Pontevedra, recibe a súa máis apreciada e valiosa formación pianística da profesora Vladimira Smausová.

Tras obter os títulos superiores de Piano e Música de cámara no Conservatorio Superior de Música de Vigo, completa a súa formación na Academia Superior de Música e Artes Escénicas de Praga (República Checa) coa profesora Dagmar Simonková e o profesor Frantisek Maly (1998-2000).

Como solista, colaborou coas orquestras "Vigo 430", "Clásica de Vigo" e "Filharmónica de Pontevedra".

Desde 2003 forma dúo estable co seu amigo, o tenor José Antonio Campo Edesa, con quen ofreceu recitais en diferentes cidades de España e estranxeiro.

Na súa faceta de músico de cámara, goza colaborando habitualmente co Ensemble Vigo 430 e tocando con solistas como Rusanda Panfili, Lir Vaginsky, Lea Hennino, Cristina Goicea e Sindy Mohamed. Non menos importante son os proxectos realizados co violinista Mario Peris e o clarinetista Roberto Noite.

En 2018 foi convidado por ADEC a participar como pianista acompañante no VIII Congreso Nacional de Clarinete e recentemente, ofreceu o recital inaugural do IX Congreso ADEC xunto a Philippe Berrod e Sharon Kam (Vigo, 2022).

Foi profesor de piano no Conservatorio Profesional de Música de Lugo (2001-2004).

Ofreceu recitais e impartido clases de piano e música de cámara, a través do programa Erasmus, nos conservatorios de Parma, Verona, Palermo, Istambul, Bari, Vilnius, Belgrado, Lecce, Trento, Tirana, Almaty, Esmirna, Saraievo e Cetiña.

Actualmente e desde o ano 2004 é pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Vigo.